

RETRATA O TEU ENTROIDO



BASES 2024

INICIATIVA PARA O SECTOR DA HOSTALERÍA.

A Asociación de Empresarios de Santa Comba con C.I.F.: G15551104 sita na Rúa Pontevedra, 9, entrechán, de Santa Comba, cos seguintes contactos 981818604 e 633181817 (09:30 a 15:00 h.), organiza a Campaña de Entroido 2024 coa finalidade de promover o sector da hostalería local durante o entroido.

A Campaña denominada **"Retrata o teu entroido"** comezará o venres día 9 de febreiro rematando o mércores 14 de febreiro de 2024.

O ámbito de participación será para as empresas pertencentes á Asociación de Empresarios de Santa Comba.

1. Poderán participar tódolos clientes dos locais hostaleiros asociados.
2. Tódalas persoas que desexen participar deberán enviar unha fotografía coa consumición, almorzo, xantar ou cea mercada nos locais participantes, dende o local, a súa casa ou dende o seu posto de traballo. *(Na fotografía aparecerá a comida ou bebida a degustar).*
3. Os participantes deberán estar disfrazados ou con algún atrezzo de entroido.
4. As fotos enviaranse por Whatsapp ao 633181817.
No caso de enviarnos a foto desde a túa casa deberás adxuntar o ticket de compra.
**Máximo dúas fotografías por participante.*
5. As fotografías serán enviadas entre o venres 9 de febreiro e o mércores 14 de febreiro as 10:00h.
6. Tódalas fotos recibidas subiranse ao perfil de **facebook "Empresarios Santa Comba Aes"** o mércores 14 de febreiro ás 12:00h.
7. Gañarán as 3 fotografías que máis interaccións obteñan *(me gusta)* en dita rede social, ata o luns 19 de febreiro ás 12:00h. e publicaranse os gañadores ese mesmo día ás 13:00h.
8. Premios:
1º- Cesta de produtos de entroido.
2º- Lote de produtos de entroido.
3º- Estoxo de licores.
9. A entidade contactará cos tres concursantes gañadores que deberán recoller o premio na sede da Asociación de Empresarios antes do 8 de marzo de 2024.
10. A participación no concurso supón a aceptación das bases.

Santa Comba, 17 de xaneiro de 2024.

O Presidente
Diego Vilas Boga